

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PONTEVEDRA****Persoal, oposicións**

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA PRIMEIRO EXERCICIO, DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA CUBRIR 8 PRAZAS VACANTES DE OPERARIO/A (OEP ANO 2017)

Expediente	Proceso selectivo convocado para cubrir 8 prazas vacantes de Opeario/a incluídas na Oferta de Emprego Publico OEP do ano 2017.
Trámite	Anuncio relativo á elevación a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos e se sinalan datas de constitución do Tribunal cualificador e de realización do primeiro exercicio e nomeamento de asesores, así como á corrección de erro na composición do Tribunal cualificador.

O concelleiro de goberno delegado da área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio, en data 23.05.2019, ditou a seguinte resolución:

“No Boletín Oficial da Provincia de 21.03.2019 (BOP nº 56), publicouse o anuncio relativo á resolución do concelleiro de goberno delegado da área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, de data 08.03.2019, pola que se aprobou a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos e a composición dos Tribunais cualificadores para os procesos selectivos convocados para cubrir prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público (OEP) 2017, pola quenda libre.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a devandita resolución, no proceso selectivo para cubrir 8 prazas de Operario/a presentouse subsanación por Roberto Carlos Pintos Da Costa, quen presentou o xustificante de ter aboadas as taxas en prazo.

Por outra banda, na devandita resolución, de data 08.03.2019, produciuse un erro ao se publicar, no punto Terceiro, apartado c), unha composición errónea do tribunal para 8 prazas de Operario/a quenda libre, ao se reproducir o designado para as prazas de persoal de oficios, convocadas pola quenda de promoción interna.

Considerando que o artigo 109.2 da Lei 15/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas establece que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Esta concellería de goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas por la Alcaldía (Decreto de 21.04.2017),



Martes, 4 de xuño de 2019

Núm. 105

RESOLVE:

Primeiro.- Corrixir o erro producido na composición do tribunal cualificador do proceso selectivo para 8 prazas de Operario/a designado na resolución de data 08.03.2019, sendo a súa composición correcta a seguinte:

	Titular	Suplente
Presidenta	Rosa Magdalena Fernández, Arquitecta da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento do Concello de Pontevedra	María Isabel Couselo Torres, Técnica media de Medio Ambiente e Servizo de Limpeza da OTMAIES do Concello de Pontevedra
Vogal 1	José Ramón Seijas Álvarez, Capataz do Concello de Vigo	Mario Iglesias Lorenzo, Xefe da Unidade de Mantemento e Taller do Concello de Vigo.
Vogal 2	Jesús Rodrigo Crespo Araujo, Oficial Encargado do Mercado do Concello de Vilagarcía.	Manuel Linares Fernández, Operario do Servizo de Medio Ambiente do Concello de Vilagarcía.
Vogal 3	Emilio Costa Ferrer, Arquitecto técnico da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección	Maria del Carmen Silva Ricoy, Arquitecta técnica da Oficina Técnica de Licenzas e Inspección
Secretaria	Alicia Paula Otero González, Xefa do Gabinete da Alcaldía do Concello de Pontevedra	María del Carmen Formoso Beloso, Técnica media en medio ambiente natural do Concello de Pontevedra

Segundo.- Elevar a definitiva a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo convocado para cubrir 8 prazas vacantes de Operario/a aprobada por resolución de 08.03.2019 e publicada no BOP nº 56 de data 21.03.2019, engadindo como aspirante definitivamente admitido a Roberto Carlos Pintos Da Costa por presentar o xustificante de ter aboadas as taxas en prazo.

Terceiro.- Determinar as datas de constitución do tribunal cualificador e de realización do primeiro exercicio do proceso selectivo:

- Constitución: 01.10.2019 (ás 10 horas na sala de reunións anexa ao Rexistro Xeral, situada na rúa Michelena 30).
- 1º Exercicio: 02.10.2019 (ás 13 horas, no auditorio do Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra).

Cuarto.- Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

Quinto.- Nomear como asesores do tribunal cualificador:

1. Para a realización de tarefas informáticas de corrección do primeiro exercicio tipo test, aos funcionarios municipais:

- José Ramón Rodríguez Tourón, xefe do Servizo de Informática.
- Santiago Pérez Agra, técnico medio informático do Servizo de Informática.



Martes, 4 de xuño de 2019

Núm. 105

2. Para a realización das tarefas de corrección do exercicio de lingua galega, a Concepción Cochón Rodríguez, asesora lingüística do Servizo de Normalización Lingüística.

Sexto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de edictos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> .”

Recursos procedentes.- Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Pontevedra, á data da sinatura.

A secretaria accidental